

## PERFIL DO CONTRATANTE

### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "AFORRO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO DE S. MILLAO", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do tres de agosto do 2010, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra AFORRO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO DE S. MILLAO financiada con cargo á resolución do director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao abeiro do disposto na Resolución do 21 de outubro de 2009, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de xullo do 2010, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 29 de xullo do 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Coruñesa de Aforro Enerxético, S.L.U., conforme á acta levantada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 28 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primero.-** Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Coruñesa de Aforro Enerxético, S.L.U. por un importe de cen mil euros (IVE e demais tributos incluídos).

**Segundo.-** Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante.

**O ALCALDE**

**Fdo. LUCIANO RIVERO CUQUEJO.**